

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 29 de xaneiro de 2015 polo que se someten ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído dalgunhas estradas da rede autonómica de estradas de Galicia da zona do Salnés-Caldas.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a promover a segunda fase dos mapas estratéxicos de ruído das vías pertencentes á rede autonómica de estradas de Galicia. Estes mapas deséñanse para avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada debido á existencia de distintas fontes de ruído, realizar predicións globais para a dita zona e, así, mellorar a calidade acústica no noso contorno.

Por todo isto, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído; no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a citada lei, e no Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o real decreto anterior, sométese á información pública os mapas estratéxicos de ruído das estradas que a seguir se relacionan:

Estrada	Zona do Salnés-Caldas	Treito/s	Clave	Concello/s
AG-41	Curro (PO-531)-Sanxenxo (VG-4.1)	0+400 ao 19+180	PO/13/043.09.1	Sanxenxo, Meaño, Ribadumia, Barro
VG-4.1	Sanxenxo (AG-41)-A Lanzada (PO-550)	19+190 ao 20+940	PO/13/043.09.2	Sanxenxo
VG-4.2	Saída 7 (AG-41)-Cambados (PO-300)	0+000 ao 4+440	PO/13/043.09.3	Cambados, Ribadumia
VG-4.3	Cambados (PO-300)-Vilagarcía de Arousa (N-640)	0+000 ao 7+330	PO/13/043.09.4	Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados
PO-300	Mosteiro-Cambados (VG-4.3)	10+040 ao 11+710	PO/13/043.09.5	Cambados
PO-307	Deiro (PO-549)-A Illa de Arousa (PO-299)	0+000 ao 1+390	PO/13/043.09.6	Vilanova de Arousa
PO-308	Pontevedra (PO-531)-A Lanzada (PO-550)	0+840 ao 3+470 8+820 ao 17+350	PO/13/043.09.7	Sanxenxo-Poio
PO-316	A Lanzada (PO-550)-O Grove	0+000 ao 5+870	PO/13/043.09.8	O Grove
PO-504	Sanxenxo (PO-308)-Vilalonga (PO-550)	0+000 ao 0+810	PO/13/043.09.9	Sanxenxo
PO-529	VG-4.3-Rial (PO-549)	0+000 ao 1+670	PO/13/043.09.10	Vilagarcía de Arousa
PO-530	Tremoedo (Deput.)-Deiro (PO-549)	1+100 ao 2+540	PO/13/043.09.11	Vilanova de Arousa



Estrada	Zona do Salnés-Caldas	Treito/s	Clave	Concello/s
PO-531	Pontevedra-Baión (N-640)	11+100 ao 18+800	PO/13/043.09.12	Vilanova de Arousa, Meis, Barro
PO-548	Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa (glorieta porto)	7+820 ao 19+110	PO/13/043.09.13	Catoira, Vilagarcía de Arousa
PO-549	Vilargarcía de Arousa (PO-301)-Cambados (VG-4.3)	2+880 ao 5+250	PO/13/043.09.14	Vilargarcía de Arousa, Vilanova de Arousa
PO-550	Cambados (VG-4.3)-A Lanzada (PO-308)	0+000 ao 10+970	PO/13/043.09.15	Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo
PO-841	Santiago de Compostela (SC-11)-L.P.-A Estrada	11+720 ao 21+810	PO/13/043.09.16	A Estrada

A duración da información pública será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, período no cal poderán ser examinados polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou as suxestións que consideren oportunas.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela) e nas respectivas casas dos concellos. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas) atópase á disposición dos interesados o documento completo de cada un dos treitos referenciados.

Por outra banda, as observacións deberán enviarse á Axencia Galega de Infraestruturas ou poderán ser remitidas a través do seguinte enderezo de correo electrónico: mapas-ruido.infraestruturas@xunta.es, indicando claramente a actuación á cal van dirixidas e os datos persoais (nome e apelidos, NIF/CIF, enderezo de notificación, núm. de teléfono e enderezo de correo electrónico) da/s persoa/s interesada/s.

O que se fai público para xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2015

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: 77170pn9-zaq3-alb9-fkn4-zchbjoukxz8

